

## Información sobre as diferentes materias impartidas no IES “Praia Barraña” de Boiro (A Coruña)

### 1 Identificación da materia

Denominación:  
**Cultura Financeira (CuFi)**

### 2 Características da materia

Etapa educativa:	Curso:
<input checked="" type="checkbox"/> Educación Secundaria Obligatoria	<input type="checkbox"/> 1º <input type="checkbox"/> 2º <input checked="" type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º

Tipoloxía:  
 Común    De opción    Optativa

Carga lectiva semanal:  
 1 hora    2 horas    3 horas    4 horas

Outras características:  
 — Deberá contar cun **mínimo de 10 alumnos/as** para poder ser impartida.

### 3 Cal é a súa finalidade? Que contidos se traballan na materia?

- A principal finalidade desta materia é, por unha banda, que o alumnado se inicie na adquisición de competencias económicas e financeiras básicas que toda cidadá ou todo cidadán necesita e, por outra, espertar nela ou nel unha conciencia sostible e solidaria a respecto das consecuencias derivadas do crecemento económico sobre o ambiente e a sociedade, xerando un ecosistema que favoreza tamén a iniciativa emprendedora en todas as etapas da vida.
- A materia estrutúrase en catro bloques temáticos. O primeiro, “diñeiro e transaccións”, xira ao redor do diñeiro e as súas formas e usos e do recoñecemento de que parte dos ingresos se destinan ás necesidades colectivas a través dos impostos.
- O segundo, “planificación e orzamento”, introduce ao alumnado no manexo das ferramentas básicas, tanto manuais como dixitais, para elaborar orzamentos sinxelos, familiarizándoo coas diferentes opcións de aforro e endebedamento.
- O terceiro, “a xestión bancaria das finanzas persoais, riscos e rendemento na xestión do diñeiro”, pon o foco nos produtos financeiros e no recoñecemento de estafas, fraudes e riscos cibernéticos.
- O cuarto e último bloque temático, “educación para o consumo” preséntalle ao alumnado a normativa de protección da persoa consumidora e os dereitos e obrigas que dela emanan, cun enfoque centrado nun consumo sostible, responsable e seguro.

### 4 Onde se pode consultar o currículo completo da materia?

- Orde do 9 de agosto de 2023 pola que se *amplía a relación de materias optativas da Educación Secundaria Obligatoria* e se establece o seu currículo ([DOG do 25 de agosto de 2023](#)).
- Accede ao currículo da materia a través do seguinte [enlace](#) ou consultando o código QR que se indica.

